

"Dende o mar, A Coruña e Vigo son a mesma cidade. Dous pontóns dun mesmo océano"

Redacción | [@prazapublica](#)

A [Asociación de Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#) organiza a partir do vindeiro venres 9 de novembro un obradoiro sobre a relación entre o mar e a literatura, que estará coordinado por Xurxo Souto, e que se realizará até final de ano todos os venres no Club do Mar de Santo Amaro, na Coruña. Hai apenas 20 prazas, que se adxudicarán por orde de inscrición. **Haberá charlas, debates e roteiros, nos que estarán moi presentes os contos mariñeiros, as lendas mitolóxicas, a toponimia e talasonimia do mar da Coruña, a importancia do gremio de mareantes ou a influencia da emigración marítima.**

"Vivimos como terrícolas e terrícolas cando o mar está aí sempre bourando", láíase Xurxo Souto que imos aos poucos perdendo a nosa relación co mar, mesmo téndoo sempre diante, poñendo unha fronteira na liña de costa: "queremos salientar a idea de que o mar non é algo gremial, non é algo que pertenza só aos mariñeiros, nin ás mariscadoras, nin aos armadores nin aos ecoloxistas. O mar non é que sexa de todos senón que todos somos do mar", di. **"É coma cando lle preguntaron a Steffan Mörling por que viñera vivir a esta fin da Terra. O sueco respondeu rotundo: Un momentíño, Galiza non é un fin da Terra, é un centro do mar"**, conclúe. E lembra: "Cando remata o boureo dos homes xa só se escoita o ruído do mar dicindo a palabra máxica: Orzán, Orzán, Orzán..."

O obradoiro quere **recuperar "todas as historias náuticas que conforman as nosas cidades"**. Trátase de recoller todos eses estímulos atlánticos para dar forma a literatura a pequenas historias. Historias coma as de Breogán ou as que rodean a Torre de Hércules. "Tan fecunda é a tradición evocadora que mesmo dispomos duns seres mitolóxicos propios: Os homes mariños, eses que choutan polo mar do Orzán, tal como describiu no século XVII o cardeal Gerónimo del Hoyo", di Souto.

"Róubannos o mar, parece que só pertence a un gremio determinado. Fáltanos educación xeral básica. O obxectivo deste obradoiro é falar do mar con ollos terrícolas". Por iso un dos obxectivos do obradoiro é dar a coñecer a toponimia e talasonimia do mar da Coruña: **"O mar está aí, claro. Pero nós vémo-lo como terrícolas nin sequera sabemos os nomes das pedras. Todos fomos á Torre de Hércules pero non sabemos que esa rocha é O Gueivoteiro e que ao lado está A Arrabaleira ou O Grello"**.

O obradoiro tamén servirá para quentar motores para a celebración por terceiro ano consecutivo da **homenaxe a Lugris, o gran pintor das cousas do mar, que xa o pasado ano serviu para irmanar as cidades da Coruña e de Vigo, unidas polo mesmo océano**: "A Coruña e Vigo son a mesma cidade. Dende o punto de vista do mar A Coruña e Vigo son dous pontóns dous puntos de arribada dun mesmo océano".

É tan simple como considerar o mar como un camiño e non coma unha fronteira: **"Se consideramos A Coruña como unha cidade-barco, queda pequena a palabra cosmopolita**. A través do mar as conversas máis humildes adquiren unha dimensión planetaria: un veciño que che fala de *Capetón* ou de *Antuerpe*. Fálase agora de mestizaxe cando os galegos lles levamos 70 anos de vantaxe: todos temos un avó ou unha avoa que estivo en Bos Aires ou Cuba e algún familiar que pesca atún cimarrón no índico". Xurxo Souto lembra tamén que **"para os membros da Xeración Nós A Coruña quedaba máis preto da Habana que de Madrid"**.

A importancia de Santo Amaro

Tampouco é casual o lugar no que se celebra o obradoiro: o Club do Mar de Santo Amaro. Creouse na República para os obreiros porque os obreiros tamén tiñan dereito a gozar do mar e necesitaban ademais un lugar no que lavar a suciedade da fábrica. Até entón parecía que os baños de mar eran algo reservado á aristocracia e á burguesía. É tamén a praia onde afogou o poeta romántico Aurelio Aguirre. Santo Amaro fai ademais referencia á lenda do santo que tocou a illa do paraíso no medio do océano. É a mesma lenda que a de San Brandán en Irlanda. **Xurxo Souto destaca como "no noso contexto máis próximo, no centro de Monte Alto, aparécenos a gran mitoloxía do mar e a dignidade humilde dos obreiros"**.

No obradoiro haberá **debates e conversas sobre todos estes temas e tamén peneiras de historias do mar, "porque todos coñecemos a algún mariñeiro ou a alguén que estivo embarcado"**. Con todo iso crearase un **blog**. Ademais,

faráanse dous roteiros como mínimo. Un pola zona da Torre de Hércules para coñecer todos os nomes das pedras. E outro pola zona vella buscando a pegada do gremio de mareantes, que foi moi importante na cidade.

O pendón do gremio era a Cruz de Santo André: unha aspa azul sobre fondo branco. A mariña rusa protestou porque era igual que a súa e eliminouse unha das aspás, quedando o que hoxe é a bandeira galega, despois de ser reivindicada polos emigrantes galegos en Cuba como súa, "nese proceso que levaron a cabo de reconstrución da súa identidade". **Xurxo Souto anuncia ademais a súa intención de recuperar este ano unha das tradicións do gremio de mareantes, que todos os anos celebraba o seu patrón cunha danza de 21 mariñeiros novos, que buscarán emular.**

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.